



Memoria xustificativa e económica do Convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a empresa PROCONSI, SL, mediante o que se instrumentaliza a compensación á devandita empresa pola adaptación informática das máquinas canceladoras comercializadas por ela á integración dos códigos QR nas tarxetas TMG Xente Nova, no marco do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.

A Xunta de Galicia, xunto coas administracións municipais das principais áreas urbanas de Galicia, puxo en marcha o Plan de transporte metropolitano de Galicia (PTMG), consistente nun conxunto de programas dirixidos a potenciar a utilización do transporte público colectivo. Ademais, as medidas previstas no dito plan foron reforzadas a partir do ano 2016 coa implantación dunha tarifa específica dirixida ás persoas menores de 19 anos, a tarifa Xente Nova. Con posterioridade, ampliouse o abano de idades das persoas que se favoreceron por esta tarifa, ao incluír á poboación abranguida entre os 4 e os 20 anos incluídos, e finalmente estendeuse o seu ámbito de aplicación ao conxunto do territorio da Comunidade Autónoma.

Dende o punto de vista técnico, o funcionamento dos programas do Plan require da instalación dunhas máquinas canceladoras a bordo dos medios de transporte que prestan os seus servizos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas máquinas canceladoras deben cumprir unha serie de especificacións técnicas para garantir a seguridade da remisión dos datos das colectas ao sistema informático de xestión (SITME) e á entidade colaboradora (actualmente ABANCA).

No ano 2010 levouse a cabo unha labor de homologación das máquinas canceladoras das empresas comercializadoras que desexaron participar nese proceso. Actualmente, existen no mercado varias empresas con máquinas homologadas para o seu funcionamento no Plan de Transporte Metropolitano, entre esas empresas figura PROCONSI, SL.

Na actualidade, preténdese avanzar neste proceso mediante a *virtualización* da TMG Xente Nova, de xeito que se habilite o pagamento directamente cun teléfono móbil e sen necesidade de adiantar o importe





das viaxes, todo isto mediante a utilización dun código QR e a súa lectura e procesamento polo sistema tecnolóxico.

A finalidade é ofrecer unha alternativa electrónica á tarxeta física para estender o uso da tarxeta TMG *Xente Nova*, evitando os desprazamentos dos usuarios ás sucursais bancarias para a súa recarga e a aceptación dos reintegros.

Para a implementación deste novo modelo de TMG *Xente Nova* “virtual”, será precisa unha adaptación das máquinas canceladoras utilizadas nos medios de transporte, adaptación que deben realizar as empresas comercializadoras das mesmas.

Tendo en conta a natureza deste proxecto, como iniciativa da Administración, e o seu interese na correcta e máis áxil implementación, e tendo en conta a obriga concesional de que os equipamentos de cancelación contén cun lector de códigos QR (*hardware*), a adaptación tecnolóxica a desenvolver afectará ao *software* que deberá utilizar a máquina e o propio lector, desenvolvemento que non se considera viable trasladar ás empresas concesionarias dos servizos públicos de transporte, polo que Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé celebrará convenios coas empresas proveedoras dos ditos equipamentos para a súa adaptación para os efectos de que as máquinas canceladoras poidan procesar as cancelacións da TMG *Xente Nova* “virtual” a través da lectura e procesamento dun código QR dinámico, e aplicar unha lóxica de negocio, asumindo o custo íntegro deste desenvolvemento.

Mediante o presente documento instrumentalízase a colaboración esta Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para o desenvolvemento do *software* aplicable en todas as máquinas canceladoras do Transporte Público de Galicia, comercializadas polo dito proveedor, de xeito que integren as funcionalidades precisas para a xestión da nova TMG *Xente Nova* “virtual”, con lectura de código QR.

Considerando o interese público concorrente na adaptación dos sistemas e a súa posta a disposición das empresas contratistas do transporte público regular de viaxeiros de uso xeral por estrada do xeito máis áxil e económico posible, estímase que o convenio de colaboración entre a Administración interesada na dispoñibilidade desta nova tecnoloxía e a súa posta a





disposición das persoas usuarias do servizo público de transporte, e a empresa provedora da mesma ás empresas concesionarias dos servizos públicos de transporte regular de viaxeiros por estrada, constitúe o instrumento máis axeitado nestes supostos.

No convenio recóllense as actuacións e desenvolvementos tecnolóxicos a acometer pola empresa beneficiaria, que deberá superar o proceso de homologación nun prazo de 6 meses, debendo rematar, en todo caso, non mais tarde do 23 de decembro de 2023. Entre as prestacións que terá que desenvolver regúlanse a modificación do *software* das máquinas canceladoras para a integración do lector de QR, a implementación de novas funcións a nivel do servidor do SAE particular, o despregue da aplicación e a formación dos operadores.

A dotación total do convenio, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 2023.09.02.512A.470.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio 2023, ascende a 33.396, IVE incluído

Finalmente, o proxecto de convenio establece un prazo de duración dun ano, a contar desde a súa formalización, que será prorrogable.

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte

Antón García Río

Conforme:

O director xeral de Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra (*documento asinado dixitalmente*)

